

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE FAI PÚBLICA A COMPOSICIÓN DUNHA NOVA COMISIÓN DE SELECCIÓN QUE XULGARÁ OS MÉRITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES Á PRAZA 23/5006, DE PROFESOR/A AXUDANTE DOUTOR/A DA UDC.

ANTECEDENTES

1. Por Resolución Reitoral (RR) do 24.04.2023 a Universidade convoca un concurso para a contratación laboral de persoal docente, entre elas a praza 23/5006, axudante doutor/a da Área de coñecemento de Educación Física e Deportiva.
2. O 29.11.2024 publícase no TEO a proposta de asignación da citada praza, acordada pola comisión de selección correspondente.
3. O 05.12.2024 as persoas candidatas, Yolanda Escalante González e José Miguel Saavedra García, presentan reclamación á proposta.
4. A Comisión de Reclamacións de PDI laboral, na súa reunión do 08.04.2025, tras analizar as reclamacións presentadas, o informe do representante do persoal traballador e os informes emitidos pola comisión de selección, acorda retrotraer o procedemento ao nomeamento dunha nova comisión e solicitarlle ao Departamento de Educación Física e Deportiva a proposta dunha nova comisión, da que non poderán formar parte as persoas que actuasen como membros da citada comisión con anterioridade.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de goberno do 30 de abril de 2014) establece que: “*Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade. O resto dos membros serán substituídos polos seus respectivos suplentes...*”.

Por todo o anteriormente exposto,

DISPOÑO:

1. Facer pública a composición da nova Comisión de Selección para a praza 23/5006:

Comisión Titular			
Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Torres Tobio, Gabriel	Profesor titular de universidade	245	Presidente
Tuimil López, José Luís	Profesor titular de universidade	245	Secretario
Fernández Romero, Juan José	Profesor titular de universidade	245	Vogal 1º
López Villar, Cristina	Profesora contratada doutora	245	Vogal 2ª
Bobo Arce, Marta	Profesora titular de universidade	245	Vogal 3ª
Arias Rodríguez, Pablo	Profesor titular de universidade	245	Rep. do persoal traballador
Comisión Suplente			
Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Montero Seoane, Antonio	Profesor titular de universidade	245	Vogal 1º
Valverde Romera, Joaquina	Profesora do INEF de Galicia	245	Vogal 2ª
Mosquera González, María José	Profesora titular de universidade	245	Vogal 3ª

2. Publicar no TEO da UDC.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora de Profesorado, por delegación do reitor (R.R. 10.07.2024)

Teresa López Fernández